

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA TRINTA E UN DE XANEIRO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos do día trinta e un de xaneiro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezasete de xaneiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia núm. 201100000001767 de dona Silvia Turnes Otero

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Pousada de Abaixo, en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 50% da parcela neta; núm. Plantas S+B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,40 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Julio Vázquez Suárez cun orzamento de 129.500,00 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona; de acordo co artigo 29 da citada lei deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Ademais, a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3,00 m. debendo gardar a distancia das aliñacións respecto da vía. Ademais, antes do co-

mezo das obras deberá presentar no concello certificado de demolición da vivenda existente e do resto das edificacións, así como oficio de dirección do arquitecto técnico.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de (#2.590,00#).

2.2.- Instancia núm. 201200000000103 de dona María José Barreiro Costa.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Xián de Sa-les, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda , consistente en colocar plaqueta e re- cebar e pintar paredes do soto, situada en Paradela, en solo cualificado no PXOM como de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda con- ceder a licenza solicitada, non tendo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamen- to do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e oito euros con setenta e nove céntimos (#68,79#)

2.3.- Instancia núm. 201200000000019 de dona M^a. Flora Gamallo Otero

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Vi- lanova, expón que con data 12/02/2008 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a cons- trución dunha vivenda unifamiliar en Sobredo nº 22 (licenza 22/2008) e rematadas as mes- mas, e achegando a documentación preceptiva solicita que de conformidade co artigo 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanís- tica para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e 194.2 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se lle con- ceda a correspondente licenza de primeira ocupación.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda con- cederlle a licenza solicitada, e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas na te- sourería municipal, que ascenden á cantidade de noventa (#90,00#) euros

2.4.- Instancia núm. 201200000000076 de dona M^a Carmen Carrillo López

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Brión (A Coru- ña), solicita licenza para a legalización dunha demolición da vivenda situada en Rozadela, en solo cualificado no PXOM como de núcleo rural (N-1) , segundo a memoria presentada asi- nada polo arquitecto don Víctor Manuel López Puga.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda con- ceder a licenza solicitada, non tendo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á canti- dade de (#134,31#) .

2.5.- Instancia núm. 201200000000107 de dona M^a del Carmen Antúnez Mera

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita li- cenza para a construción dun alboio en Francés –Vilanova, en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2) , cunha ocupación máxima inferior ao 10% da par- cela neta; nº Plantas B. Altura máxima da cornixa menor a 3,50 m. e un coeficiente inferior ao 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo o pro-

xecto presentado redactado polo arquitecto don Antonio Sabucedo Costa cun orzamento de 15.000,00 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión a licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ao proxecto presentado.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de (#300,00#).

3º.- Acordo, se procede sobre solicitude de axudas para infraestruturas de uso público.

Dáse conta da Orde do 3 de decembro de 2011 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestruturas de uso público en ámbitos urbanos e rurais por parte dos concellos de Galicia (DOG núm. 4/12, do 5 de xaneiro).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Solicitar unha subvención para a rehabilitación e ampliación do parque infantil de Santa Cruz de Ribadulla e construción dun parque en Ponte Ulla, segundo proxecto redactado polo arquitecto don Fernando Faya.

2º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada Orde.

4º.-Ratificación de Resolución da Alcaldía solicitando unha subvención ao INEGA

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de xaneiro do ano que andamos, que di o seguinte:

“Á vista da Resolución do 1 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións a proxectos de enerxías renovables con financiamento procedente de fondos comunitarios derivados do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013 (DOG nº 2366, do 13 de decembro de 2011).

Baseándome nas competencias que me outorga o artigo 21.1.g da Lei de bases de réxime local e demais de aplicación para o efecto.

RESOLVIN:

PRIMEIRO.- Solicitar a citada subvención para o proxecto *Instalación de caldeira de biomasa para calefacción no CEIP de Ortigueira*, cun orzamento total de 6.340. 00 euros (sen IVE).

SEGUNDO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local.”

A Xunta de Goberno acorda ratificar a citada Resolución.

5º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Indemnizacións e quilometraxe da funcionaria dona Sonia Gamás por asistencia a curso en Ames sobre da Plataforma Sigem -Rexistro. Importe 34,08 euros

Quilometraxe da educadora familiar dona Carmen A. Sabio do mes de decembro. Importe 64,05 euros

Quilometraxe da monitora dona Lucía Sevio para atención comedor do CEIP Ortigueira no mes de decembro. Importe 36,96 euros

Fondo social (oftalmoloxía) da funcionaria dona María Canedo, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 187,42 euros

Indemnizacións e quilometraxe da funcionaria dona Mercedes Pereiras por asistencia a curso sobre Sigem 2.3.- Tramitación de expedientes celebrado en Ames os días 19 e 24 de xaneiro. Importe 68,16 euros

Indemnizacións e quilometraxe da funcionaria dona M^a. Teresa Amenal por asistencia a curso sobre Sigem 2.3.- Tramitación de expedientes celebrado en Ames os días 19 e 24 de xaneiro. Importe 68,16 euros

Fondo social da funcionaria dona M^a Teresa Amenal, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 75,00 euros

Facturas nº. 1905, 1920 e 1931 de dona Guadalupe J. García Cabal por clases de manualidades do mes de outubro, novembro e decembro. Importe 1.800,00 euros

Factura nº 043-2011 de Daniel García Cabeza por actuación maxia co espectáculo Acción dentro da Rede Cultural da Deputación . Importe 600,00 euros

Factura de Cide Hcenergia, S.A correspondente ao alumeadado público de Caldelas-Ponte Ulla nos meses de novembro e decembro. Importe 530,35 euros

Factura nº 02 de Grupo Acofide, S.C por servizo de actividades e mantemento do pavillón municipal de Vedra en xaneiro. Importe 5.826,25 euros

Factura nº SPA/5351/2012 de MC SPA Sociedad de Prevención, S.L por concerto prevención técnica e vixilancia da saúde en xaneiro. Importe 300,58 euros

Listado de facturas de Gas Natural, S.U.R SDG, S.A correspondentes a locais municipais nos meses de novembro e decembro. Importe 3.088,37 euros

Factura nº 12/1 de José María Freiría Suárez por servizo de limpeza no mes de xaneiro. Importe 3.701,03 euros

Factura nº VD 01/2012 de Ana Naya García, S.L por servizo de gardería no mes de xaneiro. Importe 5.969,35 euros

Factura nº 1/2012 de Fermín González Blanco, S.L por redacción do plan especial de protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla no mes de xaneiro. Importe 2.476,63 euros

Factura nº V281088 de Ricoh España SLU por cota mínimos das fotocopiadoras da casa do concello e bibliotecas municipais do mes de xaneiro. Importe 296,39 euros

Factura de Telefónica Móviles España S.A do mes de xaneiro. Importe 411,38 euros

Facturas nº 10/C-03/2011 e 01/C-03/2012 de Delio Sánchez Lojo por clases de debuxo e pintura (adultos) en novembro e xaneiro. Importe 472,00 euros

Factura nº 51 de Tejidos Katy por teas para a cabalgata de Reis. Importe 50,00 euros

Factura nº 29 de Sociser Galicia S.L por servizo de axuda no fogar a dependentes no mes de decembro. Importe 8.956,99 euros

Factura nº 31/11 de Sociser Galicia S.L por servizo de axuda no fogar a usuarios de libre concorrencia no mes de novembro. Importe 4.083,19 euros

Factura num. 4000840292 da Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, S.A do mes de decembro. Importe 343,65 euros

Factura nº 11/25 de don José María Freiría Suárez por servizo de limpeza no mes de decembro. Importe 3.614,29 euros

Factura nº VD12/2011 de Ana Naya García, S.L por servizo de gardería no mes de decembro. Importe 5.969,35 euros

Factura nº Cotelga por material hixiénico. Importe 122,72 euros

Factura nº D00440 de Hierros Diego, S.L por materiais para a brigada de obras. Importe 80,49 euros

Factura de Gas Natural S.U.R SDG, S.A correspondente ás escolas de Ponte Ulla nos meses de novembro e decembro. Importe 83,51 euros

Factura nº 79127 de Recambios Santiagueses, S.L por latiguillos e outros para vehículos municipais. Importe 112,81 euros

Factura nº 120826 de Proel Ascensores, S.L por conservación e mantemento do ascensor do CPI de Vedra durante o ano 2012. Importe 902,79 euros

Factura nº 11/9994 de Peycar Pontevedra, S.L por vestuario para Protección Civil, con cargo a subvención outorgada. Importe 2.363,54 euros

Factura nº A/949 de Neumáticos Germán Mallo, S.L por rodas para o camión de recollida de lixo. Importe 1.574,69 euros

Factura nº 01-1541 de Puente Ulla, S.L por gasóleo para o camión de recollida de lixo no mes de decembro. Importe 1.706,05 euros

Factura nº V251454 de Ricoh España SLU por copias efectuadas nas fotocopiadoras da Biblioteca Municipal e Axencia de Lectura no 4º trimestre. Importe 86,88 euros

Factura nº 01 de Grupo Acofide, S.C por xestión actividades e mantemento pavillón no mes de decembro. Importe 5.826,25 euros

Facturas de Gas Natural S.U.R SDG, S.A correspondentes ao centro de saúde, escolas e edificios municipais no mes de outubro. Importe 1.244,55 euros

Facturas de Gas Natural, S.A correspondentes a alumeados públicos en outubro. Importe 10.153,61 euros

Facturas de Gas Natural S.A correspondentes a locais e edificios municipais en novembro. Importe 999,43 euros

Recibo por provisión de alimentos para o servizo de madrugadores. Importe 10,29 euros

Factura nº 20.121.665 de DAPP por manual de *base de datos de control y fiscalización do orzamento municipal*. Importe 121,11 euros

Ingreso a UTE-Mundosenior correspondente a 39 billetes de viaxes do Imsero. Importe 12.870,00 euros

Gastos da viaxe ás Termas de Outariz en xaneiro, con achegas dos participantes. Importe 712,50 euros

Recibos por gastos diversos para a ludoteca. Importe 29,88 euros

Recibos de Securitas Direct España S.A.U correspondentes a alarmas de varias dependencias municipais no 1º trimestre . Importe 683,43 euros

Recibo de La Voz de Galicia, S.A por subscrición ao xornal no mes de decembro. Importe 32,00 euros

Recibo de Editorial Compostela, S.A por subscrición ao xornal no mes de xaneiro. Importe 41,00 euros

Recibo de Digital + por servizo Canal + Liga na casa da terceira idade no mes de xaneiro. Importe 15,08 euros

Factura nº 151212F S0000355 de Supervisión y Control, S.A por revisión periódica do tractor municipal. Importe 32,50 euros

Recibo por provisión de alimentos para o servizo de madrugadores. Importe 21,41 euros

Facturas de Correos y Telégrafos por telegramas de pésame enviados á familia de don Manuel Fraga. Importe 17,60 euros

Taxas da Deputación Provincial de autorización de obras incluídas no POS 2012. Importe 216,18 euros

Gastos de reserva de albergue Paraven San Isidro, S.L, con motivo da viaxe a neve organizado polo departamento de xuventude (40%) con achegas dos participantes. Importe 1.764,00 euros

Factura nº V191962 de Ricoh España SLU por mantemento fotocopiadora servizos sociais. Importe 159,38 euros

Factura nº V191963 de Ricoh España SLU por mantemento fotocopiadora casa do concello e bibliotecas municipais. Importe 296,39 euros

Factura nº 95008120 de Fornecementos Galegos, S.L por copias efectuadas na fotocopiadora de urbanismo. Importe 585,96 euros

Transferencia a UTE -Mundosenior (V.Iberia, V. Barcelo y V. Halcón)por reserva de prazas do Programa Vacaciones Imsero tempada 11/12. Importe 2.136,00 euros

Indemnizacións a panaderías pola colaboración no reparto do boletín municipal no ano 2011 (13 x 100€). Importe 1.300,00 euros

Facturas de Telefónica Móviles España, S.A do mes de decembro. Importe 429,81 euros

Factura nº 11/77 de Maqui.Car Maquinaria, S.L por alugamento pisón para obras da brigada. Importe 300,90 euros

Factura nº 11/24 de Jose María Freiría Suárez por prestación servizo de limpeza na Casa de Cultura de Santa Cruz o 11/11/2011. Importe 35,40 euros

Factura nº 45/2011 de Comercial Souto -E. Souto Iglesias por pintura para o campo de fútbol de Santa Cruz. Importe 88,15 euros

Factura nº 110 e116 da Agrupación de Veteranos por arbitaxes liga local de fútbol nos meses de novembro e decembro. Importe 816,00 euros

Factura nº 168 de Aluminios Vedra -Jaime Gómez Souto y Otro, S.C por fiestra para o campo de fútbol de Santa Cruz. Importe 272,77 euros

Factura nº 310.454 e 310.469 de Artes Gráficas Litonor por boletín municipal dos meses de outubro, novembro e decembro. Importe 1.529,28 euros

Factura nº K11/4738 de Comercial Extintores de Galicia, S.L por recarga e retimbrado de extintor. Importe 151,04 euros

Factura nº A11/623 de GST por arranxo reemisor dixital de A Gaiosa. Importe 814,81 euros

Factura nº 310.455 de Artes Graficas Litonor por carteis e flyers para o Espazo activo da Ulla. Importe 307,98 euros

Factura nº 201200009 de Manuel Botana Granja por vaixela e outros para a casa da terceira idade. Importe 63,76 euros

Factura nº 950/110019 de Initial Textiles e Higiene, S.L por retirada de unidades hixiénicas da casa do concello e da gardería municipal. Importe 250,79 euros

Factura nº 68811E de Electro Bermúdez - José Bermúdez Reboredo por trofeos para o torneo de Nadal. Importe 121,80 euros

Factura nº 68911E de Electro Bermúdez - José Bermúdez Reboredo por tintas para documental semana da ciencia e outros. Importe 20,52 euros

Factura nº 69111E de Electro Bermúdez - José Bermúdez Reboredo por placas gravadas para o encontro de bandas do Patio. Importe 67,61 euros

Facturas nº 67, 68 e 69 de Librería Avenida por materiais para o curso de inglés, programa de educación familiar e outros actividades organizadas pola concellería de cultura. Importe 391,04 euros

Facturas nº 30, 31, 43, 45 e 49 de Miguel Camino Bouzón por traballos realizados de xullo a novembro. Importe 9.563,90 euros

Factura nº 2011/8.129 de Barreras de Seguridad por postes e espellos para a colocación en pistas municipais. Importe 1.995,62 euros

Factura nº 48 de Chalecos reflectores reversibles para o grupo de sendeirismo. Importe 1.032,50 euros

Factura nº 1011002780 de Maquinaria Agrícola del Noroeste, S.L por filtros para os tractores municipais. Importe 50,20 euros

Factura nº 101/11 de Reparaciones Sinde, S.L por traballos na desmalezadora. Importe 2.402,36 euros

Factura nº 110/26 de Pazos y Vieiro, S.L por alugamento de carpa para o Espazo activo da Ulla. Importe 1.652,00 euros

Factura nº 112/11 de Pazos y Vieiro, S.L por botas para o persoal de recollida de lixo. Importe 44,80 euros

Factura nº 392/11 de Talleres y Repuestos Barco, S.L por piloto para o vehículo de obras. Importe 4,25 euros

Facturas nº 31 7178 , 31 8021 e 32 301 de Ulla Oil, S.L por gasóleo de calefacción para a gardería municipal. Importe 1.999,50 euros

Facturas nº 31 7145 e 31 8234 de Ulla Oil, S.L por gasóleo de calefacción para a casa do concello. Importe 1.326,00 euros

Facturas nº 32 222 , 32 107 e 32 391 de Ulla Oil, S.L por gasóleo de calefacción para o centro de saúde, casa da terceira idade e antigo xulgado. Importe 2.736,96 euros

Factura nº 32 498 de Ulla Oil, S.L por provisión de gasóleo para os tractores municipais en xaneiro. Importe 1.347,57 euros

Factura nº 22 97 de Ulla Oil, S.L por provisión de gasóleo para os vehículos municipais en xaneiro. Importe 1.681,25 euros

Factura nº A/35 de ComercialAgrícolaVedra por céspede , herbicida e outros para a brigada municipal. Importe 68,50 euros

Factura nº 905 de Comercial Digital S.L por arranxo equipos informáticos. Importe 37,47 euros

Factura nº 15/11 de Fundación Refuxio de Animais por cota correspondente ao 3º cuadrimestre do 2011. Importe 3.276,13 euros

Factura nº 4320110401380 de Espina&Delfin por abastecemento de auga no 4º trimestre. Importe 247,20 euros

Factura nº 1000001 de Mario Rodríguez Feijoo por agasallo para o festival de corais de Santa Cruz. Importe 116,82 euros

Factura nº 427.145 de Serhuman Gestión y Servicios, S.L por caramelos para a cabalgata de Reis de Santa Cruz. Importe 91,09 euros

Factura nº 1663 de Droguería -Ferretería El Sol, S.L por cable galvanizado para o campo de fútbol de Santa Cruz e outros. Importe 356,38 euros (coa abstención da Presidencia)

Factura nº 11/01257 de Sapa Cont. y Serv., S.L por retirada de materiais do punto limpo. Importe 645,84 euros

Factura nº FAC 180 de Pneumáticos Fuentes Barreiro, S.L por arranxo, montaxe e outros nos vehículos municipais. Importe 81,42 euros

Factura nº 94 de Sirtelco por compra de equipos informáticos para o centro de formación de Santa cruz e compra de dominio www.afestadovino.com . Importe 5.317,08 euros

Facturas nº 0676/E11, 0696/E11, 0740/E11, 0741/E11 e 0742/E11 de Talleres San Fins, S.L por arranxos nos tractores e outra maquinaria municipal. Importe 1.347,68 euros

Facturas nº F-005/2011 e F-0012/2011 de Severo Carrillo Dominguez por auga para as escolas unitarias. Importe 150,00 euros

Factura nº F-009/2011 de Severo Carrillo Dominguez por estoxo de viño para atencións protocolarias. Importe 100,00 euros

Factura nº F-0026/2011 de Severo Carrillo Domínguez por lotes de Nadal, caramelos e outros. Importe 1.931,50 euros

Facturas nº 80, 81, 82, e 83 de José M. Pena Alonso, por servizo de taxi dende o consultorio médico de Santa Cruz ao centro médico de Vedra. Importe 456,08 euros

Factura nº 84 de José M. Pena Alonso por servizo de taxi con usuarios do departamento de servizos sociais. Importe 151,02 euros

Factura nº 2011/3482 de Sogama por tratamento de residuos sólidos de decembro. Importe 7.865,66 euros

Factura nº 33-12 de Construcciones Boqueixón, S.L. por traballos coa pala. Importe 233,64 euros

Facturas nº 70, 71, 72, 73, 74, 75 e 76 de García- García, S.C por materiais diversos para protección civil, punto limpo, servizos sociais e outros. Importe 909,68 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezasete de xaneiro do ano que andamos, pola que se lle ordena a don Juan García Trigo que proceda á demolición das obras executadas ata o momento en Tomonde -Santa Cruz de Ribadulla no prazo de tres meses e se lle comunica que, de non ser así, se procederá á execución subsidiaria ou execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7º.- Outros asuntos

7.1.- Aprobación prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación do contrato do servizo de xestión de instalacións e actividades do pavillón municipal de Vedra

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación do contrato de servizos consistente na xestión de instalacións e actividades do pavillón municipal de Vedra

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado prego.

7.2.- Solicitud de axuda de emerxencia social

Dáse conta do escrito nº 95/12 no que dona Sonia Carmen Mera Varela, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita unha axuda de emerxencia para necesidades básicas e aluguer de vivenda.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda por importe de cincocentos oitenta e cinco euros con setenta e seis céntimos (#585,76#) para necesidades básicas e cincocentos (#500,00#) euros para gastos de aluguer de vivenda.

7.3.- Solicitudes de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida

7.3.1.- Escrito nº 86/12 de dona Carmen Louzao Picón

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 84% segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento, segundo modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

7.3.2.- Escrito nº 94/12 de dona Sonia M^a. Núñez Otero

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Vedra, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 46% segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento, segundo modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

7.4.- Actualización custo do SAF

O contrato do servizo de axuda no fogar foi adxudicado no pasado exercicio no prezo de 12,98 euros/hora máis IVE días laborables tanto para os usuarios de libre concorrencia como para os dependentes, e no prezo de 14,00 euros/hora máis IVE para os dependentes os domingos e festivos

Tendo en conta o IPC máis os gastos de administración para o concello proponse actualizar os prezos do seguinte xeito: 13,79 euros/hora máis IVE días laborables tanto para os usuarios de libre concorrencia como para os dependentes, e no prezo de 14,84 euros/hora máis IVE para os dependentes os domingos e festivos.

A Xunta de Goberno acorda aprobar os citados prezos

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos.